

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Decreto 266/1989, do 23 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 5/1989, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega en materias de vivenda e asistencia social, en desenvolvemento do cal se dictou a Lei 5/1989, do 24 de abril, para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta lei busca non soamente facilita-lo acceso a unha vivenda digna ás persoas que vivan en infravivendas, senón tamén propicia-la súa integración social e recupera-lo entorno das áreas degradadas polo chabolismo, buscando igualmente impedi-la reprodución futura do problema que se trata de atallar.

A determinación da Xunta de Galicia de facilita-lo acceso a unha vivenda digna a aquelas persoas que viven en condicións máis precarias e que teñen un nivel de ingresos que incluso fai difícil que poidan acceder ás vivendas de protección oficial de promoción pública, deu lugar nos dous anos anteriores ás Ordes da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 27 de xuño de 1988 e 15 de marzo de 1989, que concretaban as axudas que, con carácter transitorio, a Comunidade Autónoma prestaba ós Concellos para a erradicación do chabolismo.

Corresponde, pois, nestes momentos desenvolver-la lei exposta, de acordo cos principios aprobados, buscando a unidade de actuación de tódolos axentes institucionais e sociais e, en particular, a colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais.

Na súa virtude, por iniciativa dos Conselleiros de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e de Traballo e Benestar Social, e por proposta do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vintetrés de novembro de mil novecentos oitenta e nove,

DISPÓÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1.—Obxecto.

O presente Decreto ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo facilitando o acceso a unha vivenda digna e adecuada dos actuais moradores das chabolas e promovendo a súa integración social.

Artigo 2.—Beneficiarios.

Poderán acollerse ós beneficios establecidos nesta disposición aquelas familias que, vivindo a cotío en chabolas, entendidas estas nos termos que establece a Lei 5/1989, do 24 de abril, figuren nos censos confeccionados conforme ó disposto no artigo seguinte e os seus ingresos non superen en ningún caso o salario mínimo interprofesional ponderado na mesma forma que se establece para os adquirentes das vivendas de protección oficial de promoción pública, e non sexan titulares do dominio ou dun dereito real de uso ou disfrute sobre algunha outra vivenda, sexa ou non de protección oficial, e non fosen beneficiarios doutras subvencións anteriores co mesmo obxecto.

Artigo 3.—Colaboración de Administracións.

1.—Corresponde ós Concellos de Galicia, en colaboración coa Xunta, a elaboración dun censo das chabolas existentes nos seus respectivos municipios. O censo axustarase ó formulario que determine o Instituto Galego da Vivenda e Solo, no que deberán facerse constar, polo menos, as seguintes circunstancias:

—Descrición da situación actual e principais características do asentamento (localización xeográfica, características das infravivendas, etc.).

—Datos persoais dos habitantes das chabolas e das respectivas unidades familiares, indicando os anos de residencia e tempo censual dentro do concello.

—Características sociolóxicas do asentamento (carácter estable ou non, antigüidade, medio de vida dos chabolistas, integración na comunidade...).

—Ingresos brutos da unidade familiar, da que se efectuará unha estimación tomando por bases as declaracións xuradas dos afectados visadas polos Concellos respectivos, no caso de non poder achega-la documentación oficial acreditativa dos ingresos.

2.—Para a eliminación das chabolas existentes realízanse convenios entre a Xunta de Galicia e os Concellos afectados, nos que se fará constar os recursos achegados por ámbalas dúas Administracións e as medidas concretas para o acceso á vivenda, a integración social dos chabolistas, e o saneamento da área de actuación.

3.—Cando, de acordo co disposto na Lei 5/1989, do 24 de abril, as Deputacións Provinciais presten asistencia económica e técnica ós Concellos, poderán subscribir tamén o respectivo convenio, xunto co Instituto Galego da Vivenda e Solo e os Concellos, co obxecto de determina-la súa contribución.

Capítulo II

Medias para facilita-lo acceso á vivenda

Artigo 4.—Actuacións xerais.

De acordo co disposto na Lei 5/1989, do 24 de abril, o acceso á vivenda dos chabolistas facilitarase mediante as seguintes actuacións:

a) Fomento da promoción da propia vivenda e axudas para a súa adquisición.

b) Promoción de vivendas por promotores públicos.

c) Subvención de alugueiros.

Artigo 5.—Fomento á promoción da propia vivenda.

1.—No caso de promoción da propia vivenda, a axuda que prestará o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá acadar ata o 50% do presuposto de execución da vivenda e poderá incluí-la contratación directa das obras de urbanización e saneamento e/ou subvención dos gastos de proxectos e honorarios.

2.—As edificacións que se proxecten, destinadas á erradicación do chabolismo, axustaranse ó planeamento e presentarán unhas características arquitectónicas, urbanísticas e tipolóxicas adaptadas de modo coherente á área de actuación e deberán cumprir coa normativa sobre habitabilidade das vivendas. Non poderán supera-los 90 metros cadrados útiles por vivenda, agás o disposto na lexislación sobre vivendas de protección oficial para familias numerosas. Non se computará a superficie daqueles anexos que sexan necesarios para o desenvolvemento das actividades que constitúan o medio de vida dos destinatarios das vivendas.

O presuposto das edificacións non poderá supera-lo que se establece na lexislación estatal para as vivendas de protección oficial de réxime especial.

Artigo 6.—Axudas para a adquisición de vivenda.

1.—A subvención persoal que outorgue o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a adquisición polos chabolistas de vivenda nova ou usada poderá ascender ata o 30% do seu custo de adquisición cando a compra a efectúen os chabolistas, sendo preciso que estea acreditada a integración social dos chabolistas.

2.—Igualmente, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá subvencionar-la adquisición polas entidades locais, de vivendas novas ou usadas, coa finalidade de destinalas ó realoxamento dos moradores de chabolas. A subvención poderá acadar entón ata o 50% do custo de adquisición. As vivendas así adquiridas deberán ser cedidas en arrendamento polas entidades locais, se ben, transcorrido polo menos o prazo de 2 anos, e acreditada a integración social dos seus moradores, poderán ser transmitidas en propiedade a estes e deberá deducirse do precio de venda o importe da subvención.

3.—O precio de compra das vivendas novas ou usadas non poderá supera-lo que se establece na lexislación estatal e autonómica para que teñan dereito a axudas económicas directas os adquirentes de vivendas de protección oficial en réxime xeral ou vivendas usadas, respectivamente.

Artigo 7.—Promoción polo propio Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Cando, de acordo co disposto no artigo 9.3 da Lei 5/1989, do 24 de abril, a promoción sexa levada a cabo polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, en terreos postos a disposición gratuitamente polo Concello para tal efecto, as vivendas construídas transmitiranse en propiedade ó respectivo Concello, nun precio que non excederá do 75% do custo de execución. O pago poderase fraccionar en 5 prazos anuais sen intereses e o réxime para os seus destinatarios será o de arrendamento.

Artigo 8.—Promoción por outros promotores públicos de vivendas.

1.—Cando a construción de vivendas sexa efectuada por promotores públicos, entendendo tal concepto na forma que dispón o artigo 5º do R.D. 224/1989, do 3 de marzo, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá subvencionar-lo dito promotor na contía que poderá acadar-lo 50% do presuposto das vivendas.

2.—Independentemente do sinalado no parágrafo anterior, se as vivendas para realoxar-los chabolistas se promoven como de protección oficial en réxime especial, a Comunidade Autónoma poderá subsidiar ó promotor público o custo financeiro que lle supoña a operación, de acordo coa lexislación aplicable.

Artigo 9.—Subvención de alugueiros.

Cando de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 5/1989, do 24 de abril, se opte, para instancias da entidade local, polo realoxamento dos chabolistas mediante a subvención de alugueiros, a Xunta de Galicia poderá subvencionar ata o 60% do importe dos respectivos contratos, co límite máximo por vivenda que se estableza anualmente, determinándose no correspondente convenio se a subvención se outorga ós chabolistas directamente ou a través da respectiva entidade local.

Capítulo III

Medidas para facilitar-la integración social

Artigo 10.—A integración social nos convenios.

Os convenios a que se refire o apartado 2º do artigo 3º deste Decreto, completaranse cun estudio, que realizará a Consellería de Traballo e Benestar Social, sobre as medidas necesarias para acadar-la integración social dos chabolistas, no que con sometemento pleno ós principios constitucionais de igualdade ante a lei e de non discriminación, e procurando a participación activa dos colectivos afectados, se valorarán os seguintes aspectos:

—Familia ou familias afectadas no expediente de erradicación do chabolismo, cun informe social de cada unha delas.

—Descrición dos medios de vida con especial referencia á importancia que teñen para eles as circunstancias do entorno, apuntando a situación

máis axeitada e a adaptación da proposta ás necesidades e características de cada programa individual.

—Recursos sociais ó seu alcance e grao de utilización deles.

—Peculiaridades culturais.

Artigo 11.—Actuación das distintas Administracións.

As entidades locais encargaranse da elaboración e seguimento dos programas de integración en cada caso concreto, sen prexuício da planificación xeral e coordinación que corresponde á Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 9º da Lei de Servicios Sociais 3/1987, do 27 de maio.

Nembargantes, cando os Concellos carezan de servicios axeitados, estes sexan insuficientes ou a especificidade das medidas que se van adoptar o requiran, a Xunta prestaralle apoio a través da Consellería de Traballo e Benestar Social, que actuará, nun primeiro nivel, por medio dos equipos de intervención comunitaria regulados no Decreto 131/1989, do 29 de xuño.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As vivendas reguladas neste Decreto seralle de aplicación, con carácter supletorio, o disposto na normativa estatal para as vivendas de protección oficial.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Facúltase ós Conselleiros de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e de Traballo e Benestar Social para dictar, no ámbito das súas respectivas competencias, tódalas disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta norma.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas as Ordes da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 27 de xuño de 1988 e do 15 de marzo de 1989.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este Decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vintetrés de novembro de mil novecentos oitenta e nove.

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

Pablo González Mariñas
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Orde do 20 de novembro de 1989 pola que se regula o exercicio dos dereitos e deberes electorais do persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia nas próximas eleccións ó Parlamento de Galicia.

Convocadas eleccións ó Parlamento de Galicia polo Decreto 213/1989, do 23 de outubro, que terán lugar o vindeiro día 17 de decembro do ano que corre, cómpre adoptar as medidas oportunas para facilita-lo exercicio dos dereitos e deberes do persoal ó servizo desta Administración autonómica.

Con este fin e en virtude do previsto nos artigos 28, 76 e 78 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, e demais normas concordantes; estas Consellerías da Presidencia e Administración Pública de conformidade coas facultades que lle confire o artigo 13 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia,

DISPÓN:

Primeiro.—

O persoal ó servizo da Administración Pública de Galicia que o día das eleccións non disfrute do seu descanso semanal terá dereito a un permiso retribuído de catro horas libres para o exercicio do dereito ó voto.

Segundo.—

1.—O persoal nomeado presidente ou vocal das mesas electorais, e os que acrediten a súa condición de interventores, teñen dereito durante o día da votación a un permiso retribuído de xornada completa, se non disfrutan en tal data de descanso semanal, e a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior.

2.—Os que acrediten a súa condición de apoderados, teñen dereito a un permiso retribuído durante o día da votación, se non disfrutan en tal data do descanso semanal.

Terceiro.—

Os directores ou xefes de persoal das dependencias onde preste servicios o persoal afectado pola presente Orde seranlles esixidos os oportunos xustificantes expedidos polo persoal electoraleiro.